

PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Curso 2013/14

GUIÓN.

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO DEPARTAMENTO.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN:

- A. Datos xerais.
- B- Situación xeográfica
- C- Análise socioeconómico
- D.- Alumnado
- E.- Profesorado
- F. Colaboración do Departamento de orientación co Equipo Directivo

3.- NECESIDADES EDUCATIVAS:

- A. Alumnado
- B. Profesorado
- C. Familias
- D. Centro

4.- MARCO TEORICO: PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN.

5.- OBXECTIVOS

- A. ÁMBITO XERAL DO CENTRO
- B. ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL
- C. ÁMBITO ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL
- D. ÁMBITO DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE (MEDIDAS DE ATENCIÓN DE DIVERSIDADE).

6.- PLANIFICACIÓN DO TRABALLO DEPARTAMENTAL E CONCRECIÓN DE ACTUACIÓNS POR ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

7.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- A.- Criterios de actuación
- B.- Distribución de tarefas
- C- Recursos empregados
- D.- Temporalización.

8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

9- ANEXO:

Programación Aula Pedagogía Terapéutica

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

No presente curso 2013-2014, o Departamento de Orientación do I.E.S. de Valga, estará composto polos seguintes membros:

- Xefa do Departamento e Orientadora: Ana de Lorenzo, substituída entre o 1 e o 15 de setembro por Ana Portela e do 24 de setembro ao 20 de decembro, por Eva Sampedro Ageitos).
- Mestras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe: M^a Milagros Martínez García e Alicia Iglesias.
- Profesores de ámbitos: Miguel Fernández Blanco e Carmen Reino Calvo
- Profesora de FOL: Graciella Redondo Argüelles

Reunións:

- Unha reunión semanal de coordinación coas Profesoras de PT e AL para a coordinación na atención ás necesidades educativas especiais do alumnado.
- Unha reunión semanal cos titores de curso para a planificación, seguimento e avaliación do Plano de Acción Titorial.
- Unha reunión mensual do Departamento de Orientación para o seguimento e avaliación do Plano de Orientación e o cumprimento das funcións que se establecen no artigo 6º do Decreto 120/1998.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN

A- Datos xerais.

Este plano de actuación diríxese a un centro que leva funcionando 13 cursos, que se adapta ás características do novo sistema educativo que se establece na L.O.E.

Ademais das aulas, dispón de laboratorios de Física e Química, laboratorio de Ciencias, aula de música, aula de tecnoloxía, aula de informática, aula de idiomas, ximnasio, patios de recreo e deportivos, biblioteca, departamento didácticos, aulas de debuxo e expresión plástica, así como todas aquelas dependencias destinadas ás funcións administrativas e de dirección do centro.

B- Situación xeográfica

O Instituto está situado ao norte da provincia de Pontevedra, no municipio de Valga que está delimitado polo val do río Ulla, e as estribacións dos montes Xiabre e Xesteiras. Ten 6141 habitantes aproximadamente e configúranse en cinco parroquias: Campaña, Cordeiro, Setecoros, Xanza e Valga, a capital municipal.

C- Análise socioeconómico

Está situado nun entorno onde a industria da transformación da madeira e elaboración de produtos metálicos son as predominantes. De feito, é o sector industrial o que mais postos de traballo xera na zoa. Tamén o sector servizos conta cun bo desenrolo, e constitúe a segunda fonte de emprego.

O val do baixo Ulla caracterízase por unhas condicións climáticas extraordinarias para a agricultura e neste concello, esta cualidade combínase con terreos fértiles. Son bos ingredientes para o desenrolo do sector que, índa que non constitúe a principal base económica local, a súa actividade é relevante e ocupa o 8% da poboación. Os produtos da horta e o viñedo son os principais cultivos da zoa.

Maioritariamente, encontrámonos cunha poboación que ten un nivel cultural medio baixo con escasa cualificación profesional. Esta situación fai que a maioría das familias se encontren interesadas na formación e educación dos seus fillos. Sen embargo existe unha desidia xeral en canto ó coñecemento de alternativas educativas, intención de apoiar ós fillos e non saber cómo facelo e, en algúns casos de inadecuación entre o que pretenden as familias e o que ós cativos/as lles interesa.

Dende hai varios cursos consideramos dende este Departamento que unha das prioridades u obxectivos a cumprir é o de manter unha maior apertura do centro á propia comunidade, tratando de manter un vínculo que potencie non so o fluxo de información familia- centro senón unha vía de colaboración entre os membros da Comunidade Escolar, coa idea de previr, detectar e intervir diferentes aspectos relacionados coa educación dos seus fillos: dificultades de aprendizaxe, problemas de conduta, habilidades sociais, orientación académico -profesional.... Neste curso seguiremos nesta liña posto que a consideramos prioritaria e a resposta a iniciativas encamiñadas ó cumprimento de devandito obxectivo ven sendo moi positiva.

D.- Alumnado

O alumnado de primeiro da E.S.O. ven maioritariamente dos colexios de Educación Primaria das seguintes localidades:

Cordeiro: C.E.P. "Xesús Ferro Couselo"

Baño: C.E.P. "Xanza"

Estas localidades encóntranse moi próximas entre si e gardan similitudes socioculturais ademais de xeográficas.

O Instituto conta este curso 2013-14 con:

E.S.O.								
Grupo	1º	neae	2º	neae	3º	n.e. e	4º	neae
A	17	2	19	4	21		18	
B	18	6	20	4	15		8	
C	17	6	20	2	0	7	0	
PDC					7		7	

BACHARELATO				
Grupo	1º	nea	2º	nea
	BCH		BCH	
A	16	1	19	
B	20		22	

Aparte no centro impártense ciclos formativos da familia de Fabricación mecánica: Grao Medio de Soldadura e Caldeiraría, Grao Superior de Construcións Metálicas. e dous PCPI (Modalidade A de fabricación mecánica e modalidade C Mixto).

F.P.				
1º	2º		PCPI	PCPI
Ciclo Medio	Ciclo Medio	Ciclo Superior	A	C
22	14	18+13	8	9

E.- Profesorado

O claustro está formado por aproximadamente 49 profesores, entre os que destaca un importante número de profesores con praza definitiva. Existe unha boa dispoñibilidade por parte dos titores para o desenvolvemento das súas funcións en coordinación co Departamento de Orientación.

Por outro lado, a orientadora participará directamente no desenvolvemento das actividades de titorías cando así se acorde mutuamente cos respectivos titores para a exposición de determinados temas puntuais que requiran a súa presenza, especialmente a parte relativa ao POAP.

F. Colaboración do Departamento de orientación co Equipo Directivo:

Neste curso 2013-14 continua o mesmo Equipo Directivo do curso anterior. Cabe esperar que exista un nivel excelente de implicación e apoio ao Departamento de Orientación por parte da Xefatura de Estudos, que a coordinación sexa constante e fluída analizando tódolos aspectos relacionados co Plano de Actuación deste Departamento, así como todas aquelas cuestións que vaian xurdindo ao longo do curso, non só no ámbito de devandito Plano, tamén en canto a Organización e Planificación de cuestións que fagan referencia ao bo funcionamento do centro en todas as súas vertentes.

3.- NECESIDADES EDUCATIVAS.

Alumnado	<ul style="list-style-type: none">• Atención á diversidade.• Formación en habilidades sociais que favorezan a convivencia• Mellorar o clima de relación na aula.• Aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual• Orientación Académica e Profesional
Profesorado	<ul style="list-style-type: none">• Formación sobre aspectos psicopedagóxicos e didácticos• Formación sobre aspectos metodolóxicos• Formación sobre o sistema de avaliación.• Formación para responder á diversidade e á comprensividade educativa.• Integración e coordinación como equipo docente.
Familias	<ul style="list-style-type: none">• Información sobre o novo sistema educativo (LOE)• Información sobre as actividades académicas• Información sobre as saídas profesionais e académicas dos seus fillos• Formación para a colaboración no proceso de ensinanza-aprendizaxe.• Participación no proxecto educativo do centro.
Centro	<ul style="list-style-type: none">• Seguimento do Proxecto Educativo de Centro• Programas de integración da comunidade educativa• Programas de formación no centro.

4 - MARCO TEÓRICO-PRÁCTICO : PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

As actuación deste Departamento, desenvolveranse no marco do Decreto 120/1998, do 23 de abril, e da Orde do 24 de Xullo de 1998, que o desenvolve, prestando especial atención ás actuacións especificadas na Circular correspondente da Dirección Xeral de Educación.

Teremos en conta os seguintes principios na nosa intervención:

- A Orientación e a Tutoría formará parte da función docente.
- As finalidades da Educación son: **transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir deberes e exercer dereitos, incorporarse á vida activa con garantía de éxito.**
- En consecuencia co anterior se propón unha educación **comprensiva** (para todos), **terminal** (ten un fin en si mesma) e **propedéutica** (prepara para futuros estudos)
- Garántese a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos/as alumnos/as, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios
- Entendemos a escola como un lugar de construción da igualdade de oportunidades.
- O noso centro posibilitará que tódolos/as alumnos/as desenvolvan ao máximo as súas potencialidades e se formen como persoas para seren felices na sociedade á que pertencen.
- As actuacións do Departamento de Orientación terán en conta o contexto sociocultural e económico no que se sitúa o centro e procurará implicar ao máximo de sectores nas súas actividades, dende unha perspectiva holística.
- Procurarase a colaboración entre todos os implicados no proceso educativo.

- As actuación do departamento basearanse en dous modelos de intervención:
- No modelo de **programas**, cando sexa necesario abordar as necesidades antes de seren demandas polo suxeitos obxecto da intervención.
 - No modelo de **consulta**, cando a demanda sexa manifestada ou requirida polos axentes implicados coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que se sintan todos implicados.

5 - OBXECTIVOS

Tendo en conta as necesidades sinaladas no punto anterior, os obxectivos xerais que se perseguirán dende o Departamento de Orientación ao longo do presente curso 2013/2014 distribuídos por ámbitos de actuación do departamento de orientación- son os seguintes:

A- ÁMBITO XERAL DO CENTRO:

- Asesorar e colaborar cos órganos directivos en asuntos relacionados coa competencia do departamento.
- Colaborar na CCP no establecemento de pautas e suxestións para o PEC, atendendo ás instrucións da LOE.
- Revisar os plans que competen ao departamento de Orientación: PAT, POAP e PAPEA.
- Elaborar e revisar o plan de atención á diversidade, atendendo á lexislación vixente.
- Asesorar en aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos.
- Informar e avaliar as medidas de atención á diversidade.

B- ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL:

- Participar cos titores/as na revisión das actividades do PAT.
- Contribuír no desenvolvemento do PAT segundo as directrices deste.
- Proporcionar técnicas e material de apoio para o desenvolvemento do PAT.
- Informar, asesorar e apoiar tecnicamente no seguemento de programas específicos que puidesen ser incorporados ao PAT: ensinar a pensar, educación en valores, técnicas de traballo intelectual, prevención para a saúde (tabaco, alcohol, drogas, etc.), educación ambiental, etc.
- Participar no deseño de plans a levar a cabo a través da titoría para corrixir actitudes negativas, e fomentar a convivencia no centro e na aula..
- Coordinación con diferentes institucións, talleres para os/as alumnos/as e pais/nais, de prevención de drogodependencias, sexualidade, adolescencia, coeducación, obradorios de xénero, etc..
- Cooperar na relación familia-titores.

C- ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA – PROFESIONAL

- Contribuír ao desenvolvemento do POAP, deseñando e concretando actividades que proporcionen información académica e profesional, autocoñecemento, fomentar a madurez para a toma de decisións, inserción ao mundo laboral, etc.
- Recoller, archivar e difundir información.

- Elaborar documentos de apoio que faciliten a exploración da personalidade, aptitudes, intereses.
- Elaborar programas de interrelación con outros centros da zona, e con diferentes institucións (universidades, centro ocupacionais, servizo galego de colocación, etc.
- Asesorar aos alumnos sobre os diferentes itinerarios educativos e saídas profesionais.
- Promover a participación das familias en programas de orientación académica e profesional.
- Colaborar en actividades formativas dirixidas a pais (concretamente en 4º ESO).

D- ÁMBITO DA ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- Coordinar as medidas de atención á diversidade no centro.
- Avaliar as medidas de atención á diversidade.
- Coordinar ao profesorado de PT /AL e profesores de área.
- Detectar NEE.
- Aportar recursos educativos para levar a cabo ditas medidas de atención á diversidade.
- Convocar as reunión necesarias para una óptima coordinación entre profesores, departamento de orientación e xefatura de estudos.

6- PLANIFICACIÓN DO TRABALLO DEPARTAMENTAL E CONCRECIÓN DE ACTUACIÓNS POR ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN.

Os obxectivos antes mencionados, desenvolveranse ao longo de todo o curso por medio das seguintes actividades:

ACTIVIDADES: tarefas xerais no centro educativo	TEMPORALIZAC.
- Constitución do Departamento.	setembro
- Elaborar o Plan do departamento de Orientación.	setembro
- Coordinar e organizar co equipo directivo as necesidades educativas especiais e medidas de atención á diversidade	setembro
- Fixar os criterios sobre a acción tutorial, orientación académica e de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.	Todo o curso
- Posta en marcha do Plan de acción tutorial, así coma do Plan de orientación académica e profesional, e de apoio aos procesos de ensinanza-aprendizaxe.	setembro
- Colaboración coas familias: difundir información da organización, servizos que ofrecemos, asesoramento etc.	setembro-marzo
(elaborar trípticos e paneis informativos..)	Todo o curso
- Asesorar sobre adecuación da metodoloxía, elección de materiais didácticos, organización espazo-temporal, liñas de atención á diversidade.	
- Organizar os grupos da ESO, en colaboración co xefe de estudos, atendendo ás medidas de atención á diversidade.	setembro- outono

ACTIVIDADES: apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade)	TEMPORALIZ.
<ul style="list-style-type: none"> -Revisar o plan de atención a diversidade. -Recepción, análise e toma de decisións sobre informes psicopedagóxicos e expedientes remitidos dos centros de primaria de alumnos de 1º ESO. -Posta en marcha das medidas de atención a diversidade con alumnos con NEE: adaptacións curriculares. -Asesorar aos profesores sobre os alumnos que teñen ACS. -Asesorar ao profesorado sobre o alumno da ESO con hiperactividade e déficit de atención. Establecer pautas de actuación. -Asesorar e revisar as adaptacións curriculares superadas e non superadas e posta en marcha doutras novas. -Coordinación cos profesores para elaboración dos horarios de alumnos/as con NEE. -Información aos pais dos alumnos/as do reforzo educativo e das adaptacións curriculares. -Fixar criterios comúns e pautas de actuación conxunta en asuntos relacionados co desenvolvemento de proceso educativo, e pasos a seguir para levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica. -Cooperación cos profesores de área e os departamentos na elaboración das ACS. Aportar recursos materiais para levar a cabo a ACS. <u>-Intervención na aplicación e corrección de probas de carácter psicopedagóxico para a avaliación psicopedagóxica dos alumnos</u> 	<p>setembro- outubro</p> <p>setembro</p> <p>setembro</p> <p>setembro</p> <p>setembro</p> <p>setembro, Out</p> <p>setembro</p> <p>setembro</p> <p>setembro</p> <p>setembro</p>

<p>con NEE detectadas polo equipo docente. Elaboración do informe psicopedagógico.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Seguemento do alumnado con ACI e PROGRAMAS DE REFORZO. -Intervir nas sesións de avaliación: analizar co profesorado os resultados do alumnado que está recibindo medidas de atención á diversidade. -Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que se propón para cursar un PCPI. -Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que se propón para cursar un PDC. - Avaliar as medidas de atención á diversidade no centro. 	<p>setembro-xuño</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>xuño-setembro</p>
--	---

- PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial forma parte da función docente e é un dos pilares básicos da Orientación persoal, educativa e profesional que o alumnado ten dereito para un mellor desenvolvemento das súas capacidades. Consecuentemente é necesario un Plano de Acción Titorial (P.A.T.) que oriente esta importante función docente.

A Acción Titorial tende a favorecer a integración e participación do alumnado na vida do Instituto, realizando o seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe e facilitando a toma de decisións respecto do seu futuro académico e laboral.

As actividades de titoría previstas son un esbozo susceptible de completarse a medida que xurdan necesidades novas.

En xeral, cobren os seguintes aspectos:

- Análise e achega sobre os aspectos de estrutura, normativa e funcionamento e participación na vida do Instituto.
- Reflexión e debate sobre a dinámica do propio grupo.
- Reflexión e debate sobre aspectos de Orientación académica e profesional do alumnado.
- Reflexión e debate sobre a problemática adolescente, en particular temas como: sexualidade, drogadicción, etc.

PROGRAMACIÓNS DE TITORIAS PARA A ESO E PCP

1º ESO			
Ámbito	Accións	Sesións	Responsables
Alumnado	Coñecemento do grupo e do centro. Acollida ao grupo. Dereitos e deberes. Normas de convivencia. Elección Delegado.	5	Titor, D.O., Equipo Directivo.
	Técnicas de estudo Subliñado Esquema Resumen Planificación e estudo	5	Titor, D.O.
	Adolescencia e personalidade Educación en Valores Resolución de Conflictos Coñecemento de si mesmo Autoestima	5	Titor, D.O.
	Prevención de Drogodependencias	4/5	Técnico Plan de Prevención Drogodependencias Concello de Catoira
	Traballo en Equipo Habilidades sociais	3	Titor, D.O.
	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación	6	Titor, D.O., Equipo Directivo

	Avance curso seguinte: POAP	2	Titor, D.O., Equipo Directivo
2º ESO- PCPI			
Ámbito	Accións	Sesións	Responsables
	Coñecemento do grupo		Titores/orientad
	Reunións informativas	4	Titor, D.G., Equipo directivo
	Delegado. Entrevistas		
Equipo Educativo	Reunións periódicas, a proposta do titor, para coordinar actuacións		Titor, D.O., Xefe de estudos

Alumnado	Técnicas de estudo Planificación e estudo Resumen, esquema e subliñado	3	Titor, D.O.
	Programa educativo para a Paz e a Convivencia. Os Dereitos Humanos. Habilidades Sociais. Resolución de Conflictos. Taller sobre Intelixencia Emocional. Traballando coas emocións	8	Titor, D.O.
	Prevenção de Drogodependencias	4/5	Técnico Plan de Prevenção Drogodependencias Concello de Catoira
	Adolescencia e personalidade Alimentación Violencia	4	Titor, D.O.
	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación	6	Titor, D.O., Equipo Directivo
	Avance curso seguinte:	3	Titor, D.O., Equipo

	POAP		Directivo
	Datas e campañas	5	Titor, D.O., Equipo
3º ESO			
Ámbito	Accións	Sesións	Responsables
Familia	Reunións informativas		Titor, D.O., Equipo directivo
	Entrevistas		
Equipo Educativo	Reunións periódicas, a proposta do titor, para coordinar actuacións		Titor, D.O., Xefe de estudos

Alumnado	Coñecemento do grupo e do centro. Acollida ao grupo. Dereitos e deberes. Normas de convivencia. Delegado.	4	Titor, D.O., Equipo Directivo.
	Técnicas de estudo Planificación e estudo Resumen, esquema e subliñado	4	Titor, D.O.
	Adolescencia y personalidad Autoestima y habilidades sociais Alimentación Violencia SIDA	8	Titor, D.O.
	Prevención de Drogodependencias	5	Técnico Plan de Prevención Drogodependencias Concello de Catoira
	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación	6	Titor, D.O., Equipo Directivo
	Avance curso seguinte: POAP	4	Titor, D.O., Equipo Directivo
	Datas e campañas	6	Titor, D.O., Equipo directivo
Familia	Reunións informativas		Titor, D.O., Equipo

	Entrevistas		directivo
4º ESO			
Equipo Educativo	Reunións periódicas, a proposta do titor, para coordinar actuacións		Titor, D.O., Xefe de estudos

Ámbito	Accións	Sesións	Responsables
Alumnado	Coñecemento do grupo e do centro. Acollida ao grupo. Dereitos e deberes. Normas de convivencia. Delegado.	4	Titor, D.O., Equipo Directivo.
	Técnicas de estudo Planificación e estudo Resumen, esquema e subliñado	4	Titor, D.O.
	Coñecemento da situación persoal -Historia académica. -Situación familiar. -Valores, afeccións, intereses, capacidades e habilidades. *Coñecemento dos estudos. -Bacharelato. -Ciclos Formativos -A Universidade.	8	Titor, D.O.
	Prevención de Drogodependencias	5	Técnico Plan de Prevención Drogodependencias Concello de Catoira
	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación	6	Titor, D.O., Equipo Directivo
	Toma de decisións	3	Titor, D.O., Equipo Directivo

	Datas e campañas	7	Titor, D.O., Equipo directivo
Familia	Reunións informativas		Titor, D.O., Equipo directivo
	Entrevistas		
Equipo Educativo	Reunións periódicas, a proposta do titor, para coordinar actuacións		Titor, D.O., Xefe de estudos
	Elaboración do Consello orientador		

C.- PLANO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO- PROFESIONAL

No Plan de Orientación Académica e Profesional do *IES Valga* vanse contemplar tres liñas de actuación principais:

- a) Actuacións dirixidas a que o alumnado desenvolva as capacidades implicadas no proceso de toma de decisións e a que coñezan de forma axustada as súas propias capacidades motivacións e intereses.
- b) Actuacións para facilitar ao alumnado información sobre as distintas opcións educativas e profesionais relacionadas coa etapa.
- c) Actuacións para propicia-lo contacto do alumnado co mundo do traballo.

Actuacións específicas para 1º, 2º e 3º de ESO

Actividades que se desenvolven dentro do Plan de Acción Titorial

- As actividades de tutoría incidirán nos seguintes elementos:

Coñecemento da estrutura do sistema educativo e das distintas opcións e itinerarios: sesións informativas sobre a estrutura do sistema educativo, a E.S.O, o bacharelato, os ciclos formativos de FP, o acceso ós estudos universitarios dende o bacharelato e os CFG. Superior.

Coñecemento das propias posibilidades, intereses e limitacións

cuestionarios de autoanálise dos propios intereses, capacidades e valores.

Desenrolo de habilidades para a toma de decisións: actividades para a análise das posibles consecuencias das distintas alternativas.

- Para mellorar o coñecemento dos obxectivos e contidos das materias do curso seguinte e dos distintos itinerarios, o titor/a informa ó alumnado do grupo axudándose da información que, por escrito, lle transmite o Departamento de Orientación.
- Os alumnos con poucas posibilidades de promocionar ó curso seguinte son obxecto dun seguimento máis preto e proporcionámoslles unha información máis personalizada sobre as distintas alternativas que se presentan ó finalizar o curso.
- No mes de maio- xuño celébrase unha reunión para informar ós pais sobre as opcións ó finalizar o curso e sobre a oferta educativa do centro.
- Na sesión de avaliación final do curso a Xunta de Profesores revisa a elección provisional de materias a cursar en 3º e 4ª realizada por cada alumno/a e formúlense as orientacións pertinentes a través do titor/a.

Actividades que realiza o Departamento de Orientación

→ Elaborarase e actualizárase un *dossier informativo* para titores e alumnos sobre as opcións ó finalizar 2º e 3º de E.S.O.

→ Durante a última semana de maio principios de xuño a orientadora utilizará a sesión de titoría con cada un dos cursos para resolver dúbidas puntuais dos alumnos.

→ Por outro lado, se existisen *consultas específicas* que non se poidan solucionar nin en titorías nin nas reunións xerais, o Departamento de Orientación estará aberto a tales consultas mediante entrevistas persoais con alumnos e/ou pais. (Concertando antes cita)

→ Elaboración da información para entregar ós pais nas distintas reunións que se celebren

→ Recóllense e distribúense as follas informativas sobre as materias optativas

Actuacións específicas para 4º de ESO

Actividades que se desenvolven dentro do Plan de Acción Titorial

As actuacións principais neste curso van dirixidas a facilitar ó alumnado a toma de decisións ó finaliza-la etapa

• As actividades de titoría inciden nos catro elementos principais comentados anteriormente:

- **Coñecemento da estrutura do sistema educativo e das distintas opcións e itinerarios:** sesións informativas sobre a estrutura do novo sistema educativo, a E.S.O, o bacharelato, os ciclos formativos de FP, o acceso ós estudos universitarios dende o bacharelato e os CFG. Superior.

- **Coñecemento do sistema productivo e laboral e dos procesos de inserción nel:** sesións informativas sobre o acceso ó traballo, a búsqueda de emprego, etc.
- **Coñecemento das propias posibilidades, intereses e limitacións:** cuestionarios de autoanálise dos propios intereses, capacidades e valores.
- **Desenvolvemento de habilidades para a toma de decisións:** actividades para a análise das posibles consecuencias das distintas alternativas.
 - Os alumnos con poucas posibilidades de promocionar ó curso seguinte son obxecto dun seguimento máis preto e proporcionámoslles unha información máis personalizada sobre as distintas alternativas que se presentan ó finalizar o curso.
 - No mes de maio- xuño celébrase unha reunión para informar ós pais sobre as opcións ó finalizar o curso e sobre a oferta educativa do centro.

Actividades que realiza o Departamento de Orientación

- Elaborarase e actualízase un *dossier informativo* para titores e alumnos sobre as opcións ó finalizar 4º de E.S.O.
- Durante a última semana de maio principios de xuño a orientadora utilizará a sesión de tutoría con cada un dos cursos para resolver dúbidas puntuais dos alumnos.
 - Por outro lado, si existen *consultas específicas* que non se poidan solucionar nin en tutorías nin nas reunións xerais, o Departamento de Orientación estará aberto a tales consultas mediante entrevistas persoais con alumnos e/ou pais. (Concertando antes cita)
 - Elaboración da información a entregar ós pais nas distintas reunións que se celebren.

→ Recóllense e distribúense as follas informativas sobre as materias optativas

→ Orientación sobre a preparación da proba de acceso a Ciclos Formativos a aqueles alumnos que vaian concorrer a ela.

Actuacións específicas para BACHARELATO

Actividades dentro do Plan de Acción Titorial

• Entre o segundo e terceiro trimestre, o Departamento de Orientación desenvolverá 3/4 sesións informativas que facilitarán os alumnos un coñecemento axeitado de:

- Os itinerarios formativos do bacharelato e as opcións no segundo curso
- As PAAU: estrutura, cualificación e vinculación cos estudos universitarios
- O sistema universitario: organización dos estudos, duración e titulación.
- O acceso e admisión nos C.F.G.S. e a súa conexión cos estudos universitarios.
- Características e contido dos Ciclos Formativos de interese.
- A oferta das distintas modalidades de estudos nas tres universidades galegas.
- As posibilidades de acceso ó mundo laboral.
- As opcións para os alumnos con poucas posibilidades de supera-lo primeiro curso: posibilidades de permanencia na etapa, condicións para o cambio de modalidade, cambio na modalidade de estudos, etc.

- Para que os alumnos/as poidan coñecer as características e o contido dos estudos superiores do seu interese poden, en calquera momento do curso, consultar distintos materiais do fondo documental do Departamento de Orientación.
- Os alumnos/as con poucas posibilidades de promocionar ó curso seguinte son obxecto dun seguimento máis preto e proporcionámoslles unha información máis personalizada sobre as distintas alternativas que se presentan ó finalizar o curso.
- Na sesión de avaliación final do curso a Xunta de Profesores poderá revisar a elección provisional de materias a cursar en 2ª realizada por cada alumno/a e formula-las orientacións pertinentes a través do titor/a.

Actividades que realiza o Departamento de Orientación

- Elaborarase e actualizarase un *dossier informativo* para titores e alumnos sobre as opcións ó finalizar 1º de Bacharelato
- Charlas informativas cos alumnos para o desenvolvemento de actividades dentro do Plan de acción Titorial
- Se existen *consultas específicas* que non se poidan solucionar nin nas sesións informativas nin nas reunións xerais, o Departamento de Orientación estará aberto a tales consultas mediante entrevistas persoais con alumnos e/ou pais. (Concertando antes cita)
- Elaboración da información para entregar ós pais nas distintas reunións que se celebren
- Organización e actualización do fondo de materiais e recursos que se poñen a disposición do profesorado e alumnado (informacións diversas sobre estudos universitarios e de FP, sobre o mundo do traballo, etc.)

7- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A.- Criterios de actuación

Dende o Departamento de Orientación, nas accións emprendidas, procurarase unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto á toda comunidade educativa coma os servizos do contorno no que se inxire, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Para conquistar isto utilizaranse os dous modelos de intervención que de seguido se expoñen.

Modelo de programas, utilizarase cando se observe unha necesidade e non se produza a demanda esperada, coa intención de adiantarse aos acontecementos e incidir no problema o máis axiña posible. A acción está encamiñada á prevención e o desenvolvemento, e seguiranse as seguintes fases:

1. Análise do contexto
2. Detectar as necesidades
3. Formular obxectivos
4. Planificar actividades
5. Realizar as actividades
6. Avaliar o programa.

O **Modelo de consulta** utilizarase para dar resposta ás demandas manifestadas ou requiridas, coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que todos se sintan implicados. Este modelo aplicarase nos informes psicopedagóxicos e nas demandas do profesorado ou tutores con respecto ás necesidades individuais ou de grupo.

A acción deste modelo articularase ao redor de tres elementos:

1. A orientadora asume o rol de consultora, que intervirá de forma indirecta co alumnado a través do mediador.
2. Os mediadores (titor, profesores, pais, etc.) interveñen directamente co alumnado, a partires de propostas da orientadora.
3. O/A destinatario/a último recibe unha intervención directa do mediador e indirecta da orientadora.

A actuación para o informe -acción deste modelo seguirá os seguintes pasos:

1. Definición da consulta a través do informe da situación aportado polo mediador
2. Avaliación de necesidades e recursos, na que colaborarán a orientadora e o mediador.
3. Proposta de intervención consensuada entre a orientadora e o mediador
4. Desenvolvemento do programa polo mediador.
5. Avaliación do programa polo mediador e a orientadora.

B.- Distribución de tarefas

As tarefas para cada actividade serán distribuídas segundo os sectores e persoas implicados, segundo se especifica no plano de orientación, procurando responsabilizar a cada quen do seu labor na tarefa para unha mellor consecución dos obxectivos. A este efecto procurarase a coresponsabilidade, a cooperación, a coordinación e o traballo en grupo.

C- Recursos empregados

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada., procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

RECURSOS		
Persoais	Do contexto	Materiais
Profesorado	INEM	Cuestionarios
Titores/as	Concello	Inventarios
Orientadora	Empresas	Folletos
Profesionais externos	IGPE	Fichas
	Consellería	Tests
	Internet	Bibliografía
	Familias	Ordenadores

D- Temporalización.

A planificación do tempo especifícase para cada actividade en cada un dos apartados do Plano de Orientación; non obstante, atenderanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que se presenten ou demanden ao longo do curso, tendo en conta sempre as prioridades educativas, persoais e de formación do alumnado.

8- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación estarán referidos aos obxectivos especificados en cada un dos apartados deste documento.

Para a avaliación global seguiranse os seguintes pasos

- a) **Avaliación inicial:** recollida de datos e suxestións sobre este Plano nas reunión do Departamento de Orientación, na Comisión de Coordinación Pedagóxica e das aportacións dos Seminarios e Departamentos didácticos, cando a houbese.
- b) **Avaliación do proceso:** recollida de información a través das reunións periódicas das Reunión do D.O, da C.C.P e das sesión de avaliación sobre as actividades realizadas, dando a coñecer o estado de desenvolvemento do Plano de Orientación e analizando as dificultades que se presentan e proponendo os cambios necesarios.
- c) **Avaliación final:** realización dunha memoria cos datos aportados polos titores/as, os Departamentos e Seminarios, así como aqueles adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc.

Esta memoria incluirá:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros acadados.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será necesario modificar e mellorar.
- As propostas de innovación e mellora necesarias.

Non se debe perder de vista que este Plan de Traballo constitúe dende un primeiro momento, unha proposta flexible que se deberá ir adaptando ás demandas, necesidades, circunstancias, etc., que poidan ir xurdindo ao longo do curso. Esta flexibilidade ademais, cobra máis razón de ser, ao ter en conta certas circunstancias: incorporacións de novo alumnado, número de profesores, etc.

En Valga, a 25 de Novembro de 2013

Xefa do Departamento de orientación

Asdo.: Eva Sampedro Ageitos